- g) Establecemento, modificación e regulación das cotas de afiliación e demais cargas de carácter económico que se poidan establecer sobre as/os integrantes da FGT.
- h) Disolución da FGT.
- i) Concesión de honores e distincións, á proposta da Xunta Directiva e segundo o que regulamentariamente se estableza.
- j) Cantas outras resulten da lei ou destes estatutos.

Artigo 16. Réxime de funcionamento da Asemblea Xeral da FGT.

A Asemblea Xeral reunirse necesariamente unha vez ao ano para os fins da súa competencia. Esta Asemblea terá carácter de ordinaria e será a/o Presidenta/e quen a convoque.

En todo caso, a Asemblea Xeral reunirse de forma obrigatoria durante o último trimestre do seu exercicio económico, onde aprobará o orzamento correspondente ao seguinte exercicio.

Tamén se poderá reunir a Asemblea Xeral, con carácter extraordinario, e así mesmo convocada pola/o Presidenta/e, nos seguintes casos:

- a) A iniciativa da/o propia/o Presidenta/e.

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

b) A iniciativa dun número de membros da propia Asemblea non inferior ao 25%.

No caso b) precedente, a/o Presidenta/e deberá convocar a Asemblea dentro dun prazo máximo de dez días naturais desde a recepción da petición que os membros da Asemblea lle deberán dirixir, de forma fidedigna e mediante escrito no que conste inequivocamente a adhesión á petición do número de membros requirido. Desde a convocatoria ata a data da celebración da Asemblea non poderán transcorrer máis de vinte días.

O réxime das reunións da Asemblea Xeral, tanto ordinarias como extraordinarias, axustarase ao disposto nos parágrafos seguintes, que tamén serán de aplicación, no que proceda, á Asemblea Xeral que para a elección da/o Presidenta/e da FGT e membros da Comisión Delegada está previsto no Capítulo II do presente Título.

A convocatoria da Asemblea Xeral, con detalle de lugar e hora da súa celebración, en primeira e segunda convocatoria, e a orde do día, notificarase por correo ou fax ás/aos compoñentes daquela, debendo mediar un prazo mínimo de 48 horas entre o envío desta documentación e a celebración da Asemblea, e expoñerase no taboleiro de anuncios da FGT e nos locais das delegacións provinciais se os houbese con 10 días de antelación.

Actuará como Presidenta/e da Asemblea Xeral , con voz e voto, quen o sexa da FGT e como Secretaria/o, só con voz, quen o sexa da propia Federación.

A Asemblea Xeral entenderase constituída en primeira convocatoria cando concorran a metade máis un das e dos seus compoñentes e, en segunda, calquera que sexa o número de asistentes; entre a primeira e segunda convocatoria deberá mediar un prazo non inferior a media hora. Alcanzado o quórum suficiente en calquera das dúas convocatorias, a/o Presidenta/e declarará constituída a Asemblea e manifestará cal sexa o número de asistentes. Os membros da Asemblea que se incorporen a esta con posterioridade ao devandito momento só poderán votar se aínda non foran chamados a depositar o voto, e neste caso a súa asistencia terase en conta para efectos de quórum nas votacións.

www.fgtenis.net e-mail:info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

A/O Presidenta/e dirixirá a Asemblea e os debates, concederá a palabra a quen lla solicite e poderá retirala cando concorran circunstancias que o xustifiquen.

Co fin de garantir o cumprimento efectivo das funcións encomendadas ás federacións deportivas galegas, o órgano competente da Administración deportiva de Galicia convocará Asemblea Xeral ou a Comisión Delegada, para o debate e resolución, se procede, de asuntos ou cuestións determinadas, cando aquelas non fosen convocadas por quen ten a obriga estatutaria ou legal de facelo no tempo regulamentario.

O desenvolvemento das reunións da Asemblea Xeral axustarase á orde do día previamente establecida e comunicada. Calquera membro da Asemblea poderá tomar a palabra, que se deberá utilizar ordenadamente e por tempos prudenciais en función das circunstancias da reunión.

Cada membro da Asemblea terá un voto, que será igual, libre, secreto e directo para todos. A Presidencia arbitrará sistemas de votación que respecten estes principios. As/Os compoñentes da Asemblea serán chamadas/os de xeito persoal a depositar o seu voto, incluso as/os ausentes. Porén, cando ninguén se opuxese a este sistema, poderanse aprobar acordos por aclamación, co asentimento unánime das/os presentes.

As cuestións sobre as que verse o voto presentaranse de forma clara e concreta pola Presidencia ou por calquera membro da Asemblea en forma de moción, debéndose votar conxunta e alternativamente as que foron opostas.

Non se poderán presentar mocións nin efectuar votacións sobre asuntos que non fosen previamente incluídos na orde do día. Se neste figurase o apartado de "Rogos e Preguntas" ou outro similar, deixarase constancia en acta, simplemente, das manifestacións que se poidan producir sobre temas presentados neste capítulo.

Os acordos adoptaranse por maioría simple de votos entre as/os asistentes á reunión, a non ser que nestes estatutos se especifiquen maiorías cualificadas para asuntos concretos.

Non se admitirá o voto por correo. Só se admitirá a delegación de voto aos clubs

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

deportivos que sexan membros da Asemblea, poderá exercelo quen sexa ocupe a Presidencia ou a persoa, non membro da Asemblea, en quen o club delegue, conforme aos seus propios estatutos, con carácter expreso e escrito para cada reunión. Ninguén poderá ostentar máis dunha delegación de voto das que se veñen de expresar.

Os acordos da Asemblea Xeral poderán versar sobre calquera materia da súa competencia e serán inmediatamente executivos, coidando da súa posta en práctica a/o Presidenta/e e a Xunta Directiva, sen prexuízo dos recursos que correspondan ante a xurisdición competente.

Non se poderán adoptar acordos contrarios aos presentes estatutos sen a súa previa modificación, a cal se deberá efectuar, en todo caso, conforme ao procedemento especial previsto no Título IX.

Artigo 17. A Comisión Delegada da Asemblea Xeral. Composición.

No seo da Asemblea Xeral constituirase unha Comisión Delegada.

A Comisión Delegada será elixida por e entre os membros da Asemblea Xeral na primeira reunión posterior á súa constitución, mediante o sufraxio entre os membros desta, e o seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral.

A/O Presidenta/e da FGT exercerá de Presidenta/e da Comisión Delegada, e estará composta por un máximo de 9 membros, que serán elixidos por e de entre os da Asemblea Xeral, na primeira reunión que esta celebre ao iniciar o seu mandato e segundo o seguinte detalle:

- 5 correspondentes aos clubs deportivos, elixida esta representación por e entre os mesmos clubs, sen que os correspondentes a unha mesma provincia poidan ter máis de dous/dúas representantes. A representación do club na Comisión Delegada estará exercida necesariamente polo seu presidente ou presidenta, quen só poderá delegar, expresamente e por escrito para cada reunión, nun mesmo membro.

- 4 correspondentes ao resto dos estamentos, distribuídos da seguinte forma: 2 membros representantes de deportistas, 1 membro representante de técnicas/os-

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

adestradoras/es e 1 membro representante dos xuíces-árbitros. Todos eles elixidos por e de entre os seus respectivos estamentos na Asemblea Xeral. Os así elixidos manterán os seus cargos na Comisión Delegada en tanto sigan sendo membros da Asemblea Xeral dentro do período do seu mandato. Non poderán delegar a súa representación.

A representación máxima por provincia será de 3 membros, excluídos os estamentos de técnicas/os e árbitros.

No caso de que, unha vez elixida a Comisión Delegada, se produzan baixas ou vacantes entre os seus membros, estas substituiranse anualmente, por elección entre os grupos correspondentes.

As causas de cesamento dos membros da Comisión Delegada, rexeranse polo disposto no artigo 14 deste Estatuto.

Artigo 18. A Comisión Delegada da Asemblea Xeral Funcións.

Corresponden á Comisión Delegada da Asemblea Xeral, as seguintes funcións:

- a) Elaboración dun informe previo á aprobación dos orzamentos.
- b) A modificación do calendario deportivo.
- c) A modificación dos orzamentos e dos regulamentos de desenvolvemento destes estatutos.
- d) O seguimento da xestión deportiva e económica da FGT.

As modificacións non poderán exceder os límites e criterios que a propia Asemblea Xeral estableza.

A proposta sobre os temas que se van tratar na Comisión corresponde exclusivamente á Presidencia ou aos dous terzos dos membros da Comisión Delegada.

Artigo 19. Réxime de funcionamento da Comisión Delegada da Asemblea Xeral.

A Comisión Delegada reunirse, como mínimo, tres veces ao ano, a convocatoria da

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

Presidencia.

Tamén se poderá reunir a Comisión Delegada, con carácter extraordinario, e así mesmo convocada pola Presidencia, nos seguintes casos:

- a) A iniciativa da/o Presidenta/e.
- b) A iniciativa dun número de membros da propia Comisión Delegada non inferior a 6.

No caso b) precedente, a/o Presidenta/e deberá convocar a Comisión Delegada dentro dun prazo máximo de dez días desde a recepción da petición que os membros da Comisión lle deberán dirixir, de forma fidedigna e mediante escrito no que conste inequivocamente a adhesión á petición do número de membros requirido.

A convocatoria da reunión da Comisión Delegada, con detalle de lugar e hora da súa celebración, en primeira e segunda convocatoria, e a orde do día, serán notificados por correo ou fax ás/aos compoñentes daquela, debendo mediar un prazo mínimo de sete días e máximo de quince entre o envío desta documentación e a celebración da reunión.

Actuará como Presidenta/e da Comisión Delegada, con voz e voto, quen o sexa da FGT e como Secretaria/o, só con voz, quen o sexa da propia Federación.

A Comisión Delegada entenderase constituída en primeira convocatoria cando concorran polo menos a metade máis un dos seus e súas compoñentes e en segunda, cando concorran calquera que sexa o seu número; entre a primeira e segunda convocatoria deberá mediar un prazo non inferior a media hora.

Poderán asistir tamén ás reunións da comisión delegada as/os asesoras/es que, oportunamente estime a Presidencia e farano con voz pero sen voto. Polo demais, será de aplicación analóxica e supletoria o establecido no precedente artigo 16 en materia de réxime de reunións e toma de acordos da Asemblea Xeral.

O mando da Comisión Delegada coincidirá co da Asemblea Xeral.

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

Artigo 20. A Presidencia da FGT. Réxime e funcións.

A Presidencia da FGT é o órgano executivo desta, ostenta a súa representación legal, convoca e preside os órganos de goberno e representación e executa os seus acordos.

A Presidencia da FGT serao tamén da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada, con voto de calidade no caso de empate na adopción de acordos da Asemblea Xeral Plenaria e da Comisión Delegada.

A Presidencia da FGT desempeñará o seu cargo coa máxima dedicación posible.

Para poder ser candidata/o á Presidencia o membro da Xunta Directiva da FGT terá que reunir as seguintes condicións:

- a) Ter cidadanía galega, segundo o disposto no Estatuto da Autonomía.
- b) Ser maior de idade.
- c) Estar en pleno uso dos dereitos civís.
- d) Non incorrer no pasado en ningunha sanción deportiva que a/o inhabilite.

Artigo 21. Elección da Presidencia da FGT.

A Presidencia da FGT elixirase cada catro anos, coincidindo cos anos de Xogos Olímpicos de Inverno, mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto, polos membros da Asemblea Xeral, que se debe elixir previamente para o mesmo período, sen que teña que ser membro desta.

O procedemento de elección do Presidente regularase según o disposto no artigo 58.5 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia en canto aos procesos electorais, axustándose ó disposto na normativa que para tal efecto estableza a Administración autonómica e deberán ser aprobados por esta con anterioridade á realización efectiva do proceso electoral.

A/O Presidenta/e da Federación Galega de tenis poderá como máximo ser reelixida/o nunha ocasión, cumprindo polo tanto como máximo dúas lexislaturas

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

consecutivas.

Artigo 22. Cesamento da Presidencia da FGT. Moción de censura.

A/O Presidenta/e da FGT cesará no seu cargo, antes de expirar o período do seu mandato, por calquera das causas seguintes:

- a) Falecemento ou incapacidade física permanente que impida o desenvolvemento das súas funcións.
- b) Dimisión
- c) Causas legais ou estatutarias de incapacidade, sobrevidas con posterioridade ao seu nomeamento.
- d) Aprobación dunha moción de censura, que deberá ser construtiva, debendo presentar quen a propoña un/ha candidato/a, e que de aprobarse quedará elixido/a polos mecanismos regulares, debéndose tratar nunha Asemblea Xeral Extraordinaria, a convocatoria da cal deberase solicitar, en todo caso e como mínimo, por un terzo das/os compoñentes da Asemblea. Para que prospere, será preciso que voten ao seu favor os dous terzos das/os asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria, que deberán representar, como mínimo, a metade máis un/ha da totalidade dos seus e das súas compoñentes. Se a moción de censura é rexeitada, ningún das persoas propoñentes poderá intentar outra contra a/o mesma/o Presidenta/e ata pasados seis meses da votación daquela. A sesión da Asemblea Xeral Extraordinaria na que se debata a moción de censura será presidida polo membro asistente de maior idade, podendo asistir e intervir na Asemblea, en todo caso, a/o Presidenta/e sometido á moción de censura. Se esta é aprobada, a/o Presidenta/e da F.G.T. cesará inmediatamente do seu cargo.

No caso de dimisión, a/o Presidenta/e continuará transitoriamente en funcións e convocará unha Asemblea Xeral Extraordinaria, que se celebrará no prazo máximo de dous meses a partir da presentación da dimisión, na que se elixirá a quen a/o suceda.

Nos demais casos, as funcións da/o Presidenta/e serán asumidas, colexiadamente, pola Xunta Directiva que constituirá un órgano denominado Comisión Xestora, con igualdade de voto entre os seus membros, e que será presidida por quen fose ata ese

www.fgtenis.net e-mail:info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

momento Vicepresidenta/e daquela, e, no seu defecto, por quen elixan os seus e as súas compoñentes. A Comisión Xestora convocará unha Asemblea Xeral Extraordinaria para a elección da/o nova/o Presidenta/e, no prazo máximo de dous meses contados desde que se producise a vacante.

En todos estes supostos, ao tempo de convocarse á Asemblea Xeral Extraordinaria electiva, reunirse a Xunta Electoral en funcións para actuar no proceso electoral, o cal se desenvolverá de conformidade cos artigos correspondentes ao Capítulo II do presente Título.

A/O Presidenta/e que resulte elixido en substitución da/o que cesase por calquera das causas previstas neste artigo completará o mandato só polo tempo que restase de cumprir a esta/e última/o.

Artigo 23.A Xunta Directiva.

A Xunta Directiva da FGT é o seu órgano colexiado, e estará composta por un mínimo de 5 membros e un máximo de 15, e todos eles serán nomeados e revogados libremente pola Presidencia da Federación, que a presidirá.

Os membros da Xunta Directiva que non o sexan da Asemblea Xeral terán acceso ás sesións desta con dereito a voz, pero sen voto.

A Xunta Directiva contará cunha Vicepresidencia Primeira, que substituirá a Presidencia en caso de ausencia. A súa designación e revogación corresponde tamén, libremente, á Presidencia da FGT, quen poderá designar, así mesmo dentro da Xunta Directiva, tantas outras Vicepresidencias teña por conveniente, coa orde que estableza, as cales substituirán, pola súa orde, a Vicepresidencia Primeira nos casos de ausencia ou incapacidade desta.

A Presidencia poderá atribuír as funcións e responsabilidades concretas a todos ou parte dos membros da Xunta Directiva, dentro das funcións propias desta. Neste sentido, poderá designar a un membro da Xunta Directiva, como Vicepresidencia Económica ou Tesourería da FGT coas facultades que concretamente lle asigne e en todo caso as de

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

exercer, por delegación da Presidencia, a autoridade máxima en materia de control e supervisión económica da Federación, así mesmo nomeará un/ha Delegado/a Provincial nas provincias que non sexan sede da F.G.T.

O sistema de convocatorias, reunións, debates e adopción de acordos no seo da Xunta Directiva fixarao libremente a Presidencia.

Exercerá a Secretaría da Xunta Directiva, á elección de Presidencia, quen o faga na propia FGT ou un membro daquela.

Todos os cargos son honoríficos e, en caso extraordinario, cando se estableza unha compensación económica xustificada a favor dalgún dos membros da Xunta Directiva terá que ser expresamente acordada por maioría absoluta da Asemblea Xeral e constar de maneira diferenciada no orzamento. En ningún caso a compensación económica poderá ser retribuída con cargo ás subvencións públicas que reciba a Federación.

Artigo 24.Os comités.

A Xunta Directiva da FGT poderá acordar a constitución de cantos Comités sexan necesarios.

As súas competencias e réxime de funcionamento serán os que se establezan por vía regulamentaria ou no acordo da súa creación, debidamente referendado pola Comisión Delegada da Asemblea.

As/Os Presidentas/es e demais membros dos Comités serán designados pola Presidencia da FGT agás as/os Presidentas/es dos Comités de modalidades deportivas, cando estes existisen, que serán elixidas/os polo colectivo interesado na forma que regulamentariamente se estableza.

En todo caso, existirá no seo da FGT un Comité Técnico de xuíces-árbitros, do que a/o Presidenta/e e demais membros serán tamén designados pola Presidencia da FGT,

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

sendo as súas funcións:

- a) Establecer os niveis de formación arbitral.
- b) Clasificar tecnicamente, en función dos criterios prefixados pola Asemblea Xeral as/os xuíces-árbitros, propoñendo á Xunta Directiva a adscrición ás categorías correspondentes. Estas clasificacións comunicaranse á Asemblea Xeral.
- c) Propoñer as/os candidatas/os a xuíces-árbitros nacionais e internacionais.
- d) Propoñerlle á Xunta Directiva as normas administrativas reguladoras da arbitrase, para a súa posterior aprobación pola Asemblea Xeral.
- e) Designar as/os colexiadas/os nas competicións oficiais de ámbito galego.
- f) Colaborar cos órganos competentes da Federación, na formación de xuíces e árbitros.

Artigo 25.A Secretaría

Consonte ao Artigo 59 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, para o desempeño das funcións administrativas na FGT haberá un Secretario ou Secretaria, que será designado/a e separado/a pola Presidencia.

O Secretario ou Secretaria, que poderá ser membro da Xunta Directiva, exercerá as funcións de feudatario/a e asesor/a, e máis especificamente:

- a) Levantar actas das reunións dos órganos de goberno e representación nos casos legal e estatutariamente previstos, con indicación de asistencia, temas tratados, o resultado das votacións e, se é o caso, os votos particulares contrarios ao acordo adoptado. Os votos contrarios ao acordo adoptado, ou as abstencións motivadas eximirán das responsabilidades que se puidesen derivar, se é o caso, dos acordos dos órganos colexiados unha vez aprobadas, asinalas co visto e praxe da Presidencia.
- b) Custodiar as actas das reunións dos órganos de goberno e representación e dos arquivos da Federación.
- c) Expedir as certificacións oportunas dos actos dos órganos de goberno e representación da FGT.
- d) Levar o control e fiscalización da xestión económico-administrativa e

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

orxamentaria, así como o da contabilidade e tesourería, no caso de non existir a figura da Tesourería.

e) Cantas funcións lle encomenden os regulamentos da Federación ou lle sexan delegadas pola Presidencia.

Artigo 26. A Tesourería

A Tesourería da Federación é o seu órgano de administración.

Exercerá como funcións propias:

- a) Levar a contabilidade da Federación.
- b) Exercer a inspección económica de todos os órganos da Federación.
- c) Elaborar e presentar informes á comisión Delegada do estado contable da Federación.
- d) Calquera outra función que lle encomenden os estatutos e regulamentos da Federación

No caso de que non exista Tesourería na Federación, a Presidencia será a responsable do desempeño destas funcións, podendo delegalas na persoa que considere oportuno.

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

TÍTULO IV.- RÉXIME ECONÓMICO.

Artigo 27. Orzamento.

A Asemblea Xeral da FGT aprobará durante o último trimestre do seu exercicio económico o orzamento correspondente o seguinte exercicio. O devandito orzamento debe ser equilibrado e non deficitario e enténdese condicionado, no que as subvencións públicas se refire, ás condicións de aprobación dos orzamentos de Galicia. O citado orzamento será remitido á Administración deportiva no prazo dun mes dende a súa aprobación.

A FGT non poderá aprobar orzamentos deficitarios sen a autorización expresa da Administración deportiva autonómica.

Tampouco poderá repartir beneficios entre os membros da FGT

Artigo 28. Xestión económica.

A Federación Galega ten o seu propio réxime de administración e xestión de orzamento e patrimonio, e somete a súa contabilidade e estado económico ou financeiro ás prescricións legais, sendo de aplicación, en todo caso, as seguintes regras:

a) Pode promover e organizar actividades e competicións deportivas dirixidas ao público, debendo aplicar os beneficios económicos, se os houberse, ao desenvolvemento do seu obxecto social.

b) Pode gravar e allear os seus bens mobles ou inmoables, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos representativos da débeda ou de parte alícuota patrimonial, sempre que os devanditos negocios xurídicos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da entidade ou do seu obxecto social. No caso de venta ou gravame dos bens inmoables cuxa titularidade corresponda á FGT e que fosen financiados en todo ou en parte con fondos públicos, será necesaria a autorización da Administración autonómica.

c) Pode exercer, complementariamente, actividades de carácter industrial, comercial, profesional ou de servizos e destinar os seus bens e recursos aos mesmos obxectivos deportivos, pero en ningún caso poderá repartir beneficios entre os seus membros.

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

d) Non poderá comprometer gastos de carácter plurianual, no seu período de mandato, ou cando superen o período de mandato da Presidencia sen autorización previa da Administración deportiva de Galicia. Será preceptiva tamén esta autorización previa cando a natureza do gasto, ou a porcentaxe deste en relación co seu orzamento, vulnere os criterios que se determinen regulamentariamente.

e) Correspóndelle á Presidencia da FGT a sinatura, no nome desta, de todo tipo de contratos, convenios e documentos de contido económico e en especial, a apertura de contas bancarias e a formalización de operacións de préstamos, crédito ou hipoteca, dentro dos límites anteriormente sinalados.

f) Para a disposición de todo tipo de contas e imposicións bancarias, á vista, de aforro, de crédito ou a prazo, así como para establecer e retirar depósitos en efectivo ou valores, emisión de cheques, libramento e aceptación de letras de cambio e/ou obrigas de pagamento, abundará coa sinatura da/o Presidenta/e mancomunada coa da/o Tesoureira/o, se é o caso.

Artigo 29. Memoria económica.

A FGT elaborará unha memoria na que se incluírá a liquidación do orzamento que analizará fidedignamente a actividade económica da Federación, a súa adecuada actuación orzamentaria, o cumprimento dos obxectivos e os proxectos que se van desenvolver, e informar separadamente como mínimo sobre os seguintes aspectos:

1.- Diferenciación dos ingresos e contribucións segundo:

- a) Subvencións públicas
- b) Subvencións, donativos ou contribucións privadas.
- c) Ventas de activos
- d) Ingresos procedentes de competicións organizadas.
- e) Ingresos para servizos prestados pola Federación, permisos, licenzas, e outros.
- f) Ingresos financeiros.

2.- Tamén constará o destino da totalidade dos recursos, distinguindo como mínimo

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

os grupos de custo ou investimentos seguintes:

- a) Administración da Federación.
- b) Dirección e servizos da directiva, entre eles viaxes.
- c) Competicións
- d) Axudas a clubs e outras entidades
- e) Axudas para actos deportivos
- f) Construcións e outros inmovilizados
- g) Formación de deportistas e técnicas/os
- h) Deportes de elite e profesional
- i) Árbitros
- j) Órganos xurisdicionais

3.- O importe das obrigas de pagamento que é preciso satisfacer noutros exercicios que non estean previstos no balance e o importe das garantías e os avais comprometidos.

4.- A liquidación do orzamento, que explique as variacións na relación co orzamento aprobado na asemblea anterior.

Artigo 30. Control contable.

A FGT debe someter anualmente a súa contabilidade e mais o seu estado económico a unha auditoría ou verificación contable, nos casos en que así o dispoña a Administración autonómica.

Artigo 31. Publicidade.

As contas anuais e os orzamentos teñen que estar no domicilio social da FGT e Delegacións cunha antelación mínima de 15 días á celebración da Asemblea, a disposición das persoas ou entidades con dereito a voto, as cales poderán pedir copia que se lles entregará antes da celebración da Asemblea.

www.fgtenis.net e-mail:info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

Artigo 32. Ingresos da FGT.

Constitúen os ingresos da FGT os seguintes:

a) As subvencións que poida recibir do Estado, Xunta de Galicia, Real Federación Española de Tenis, deputacións, concellos ou calquera outra entidade pública ou privada.

b) Os ingresos obtidos por afiliacións, licenzas, servizos e outros ingresos que se establezan, tras a aprobación previa dos órganos correspondentes.

c) A participación que se poida fixar nos ingresos de toda orde que teñan as asociacións, agrupacións, clubs e resto de entidades, tras a aprobación previa da Asemblea Xeral.

d) O importe das sancións e das multas que se produzan a consecuencia das competicións que a Federación organice, e con ocasión do exercicio da potestade disciplinaria.

e) O beneficio que se obteña por calquera concepto e se produza en actos, e competicións que se organicen.

f) Os donativos, subvencións e outros ingresos que se deriven do exercicio da actividade propia da FGT.

g) Os préstamos ou créditos que lle sexan concedidos.

h) Os procedentes de calquera actividade legal que a título lucrativo ou por explotación ou arrendamento dos seus bens se produzan a favor da FGT. Estas actividades poderán ser desenvoltas por sociedades mercantís participadas pola FGT.

i) Calquera outro recurso que poida adquirir por calquera medio válido en dereito.

No caso de disolución da FGT, o seu patrimonio neto, se o houber, aplicárase a realización de actividades semellantes, e a Administración deportiva de Galicia determinará o seu destino concreto.

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

TÍTULO V.- RÉXIME DOCUMENTAL.

Artigo 33. Disposición única

A FGT levará como mínimo os seguintes libros debidamente dilixenciados polo Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia:

a) Libro de rexistro de membros afiliados a FGT, sendo estes deportistas, clubs e sección deportivas. No rexistro de clubs e sección deportivas constará a súa denominación, o seu domicilio social, e o seu número de inscrición no Rexistro de Clubs, Federacións e Entidades deportivas da Xunta de Galicia.

b) Libro de Actas, un ou varios, nos que se reflectirán as reunións e acordos tomados pola Asemblea Xeral, a Comisión Delegada da Asemblea e a Xunta Directiva. Poderanse incluír tamén, se así se considera oportuno, as deliberacións e acordos dos diversos Comités.

Nas actas estarán especificados o nome das persoas intervenientes e demais circunstancias que se consideren oportunas: contido dos acordos adoptados, resultados das votacións e, de ser o caso, os votos particulares contrarios ao acordo adoptado.

As actas serán remitidas a todos os membros do correspondente órgano Colexiado nun prazo de trinta días, a partir dos cales comezará a contar o prazo de impugnación. Se transcorridos trinta días dende a súa remisión non foron impugnadas, consideraranse aprobadas.

As actas poderán ser aprobadas ao finalizar as sesións dos Órganos Colexiados da FGT, sen prexuízo da remisión posterior aos membros destas.

A impugnación das Actas non suspenderá a eficacia dos acordos adoptados. Os votos contrarios ao acordo adoptado ou as abstencións motivadas eximirán a quen os emita de calquera responsabilidade derivada de tales acordos.

Os acordos dos Órganos Colexiados da FGT poderán ser impugnados polas persoas

www.fgtenis.net e-mail:info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

interesadas ante os organismos competentes, segundo o disposto neste Estatuto.

- c) Os libros de contabilidade.
- d) Libro Inventario dos bens mobles e inmoables.
- e) Aqueles libros oficiais que por imperativo legal, de índole laboral, administrativo ou de calquera outra orde sexan obrigatorios para a Federación.

En consonancia co previsto no artigo 25, o réxime documental da FGT estará a cargo da Secretaría, a quen lle corresponde a custodia dos libros da Federación; redactar as actas das reunión dos órganos colexiados e, unha vez aprobadas, asinalas co visto e praxe da Presidencia; expedir certificacións; remitir as certificacións e acordos que procedan ao Organismo da Xunta con competencias no ámbito deportivo e, en xeral, preparar a resolución e despacho de todos os asuntos.

No caso de ausencia ou imposibilidade física da/o propia/o Secretaria/o, as súas función serán desempeñadas pola/o propia/o Presidenta/e da FGT, ou pola persoa en quen esta/e delegue.

A FGT someterá o seu réxime documental ás auditorías que se establecesen por aplicación das disposicións legais.

Calquera membro da asemblea poderá solicitar información e examinar os libros federativos, agás os que conteñan datos relativos á intimidade das persoas. Neste caso elevará escrito á Presidencia da FGT especificando claramente que libro ou libros desexa examinar e o motivo da súa solicitude. A Presidencia contestará á persoa interesada no prazo de 10 días, comunicándolle, no seu caso, o lugar, día, e hora para facer efectivo o exame do libro ou libros solicitados.

O exame dos libros producirase sempre no domicilio social da Federación, e en presenza dun membro da Xunta Directiva ou dun/ha empregado/a federativo/a.

Cando se trate de documentación relativa á orden do día dunha Asemblea Xeral xa convocada, a solicitude deberase cursar antes dos dez días anteriores á súa celebración e a Federación deberá posibilitar a consulta cando menos con cinco días de antelación.

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

www.fgtenis.net e-mail:info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS
FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO
OFICINA 1 - 36209 VIGO
TELÉFONO: 986 21 29 82
G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

TÍTULO VI.- RÉXIME DISCIPLINARIO.

CAPITULO I. DOS PRINCIPIOS XERAIS DO RÉXIME DISCIPLINARIOS DA FGT.

Artigo 34. Normativa aplicable.

O réxime disciplinario da FGT réxese polo previsto na Lei 3/2012 do 2 de Abril, do deporte de Galicia; en cantas outras disposicións legais existan agora ou no futuro nesta materia; e polo regulado no presente Título destes estatutos.

Tamén serán de aplicación os principios xerais do dereito sancionador.

Artigo 35. Ámbito obxectivo de aplicación.

O ámbito disciplinario da FGT esténdese ás infraccións das regras do xogo do tenis e das normas xerais deportivas.

Son infraccións ás regras do xogo do tenis as acción ou omisións que, durante o curso do xogo, vulneren, impidan ou perturben o seu normal desenvolvemento.

Toda providencia ou resolución que afecte ós interesados no procedemento disciplinario será notificada a aqueles no máis breve prazo posible, co límite máximo de dez días hábiles.

As notificacións realizaranse conforme ás normas previstas na lexislación do procedemento administrativo común.

As notificacións deberán conte-lo texto íntegro da resolución, coa indicación de se é ou non definitiva, a expresión das reclamacións ou recursos que procedan, órgano perante o que tivesen que comparecer e prazo para interpoñelas.

Artigo 77. Motivación.

As providencias e resolucións deberán ser motivadas nos casos previstos na lexislación do organismo autonómico sobre procedemento administrativo común e cando así se dispoña nas demais leis aplicables, estatutos e regulamentos.

Artigo 78. Obriga de resolver.

As peticións ou reclamacións presentadas perante os órganos disciplinarios deberánse resolver de xeito expreso nun prazo non superior a quince días hábiles. Transcorrido o dito prazo entenderanse desestimadas.

www.fgtenis.net e-mail:info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS
FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO
OFICINA 1 - 36209 VIGO
TELÉFONO: 986 21 29 82
G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

CAPÍTULO VI. DOS RECURSOS

Artigo 79. Cómputo de prazos de recursos e reclamacións.

O prazo para formular recursos ou reclamacións contarase a partir do día seguinte hábil ó da notificación da resolución ou providencia, se estas fosen expresas.

Se non o fosen, o prazo será de quince días hábiles contados desde o seguinte ó que se deban entender desestimadas as reclamacións ou recursos conforme ó disposto nos artigos 42 e 45 deste reglamento.

Artigo 80 Contido das resolución que decidan sobre recursos.

A resolución dun recurso confirmará, revocará ou modificará a resolución recorrida, non podendo, no caso de modificación, derivarse maior prexuízo para o interesado, cando este sexa o único recorrente.

Se o órgano competente para resolver estimase a existencia de vicio formal, poderá ordena-la retroacción do procedemento ata o momento no que se produciu a irregularidade, coa indicación expresa da fórmula para resolvela.

Artigo 81. Desestimación presunta de recursos.

A resolución expresa dos recursos deberase producir nun prazo non superior a trinta días.

En todo caso, e sen que iso supoña a exención do deber de dictar resolución expresa, transcorridos trinta días hábiles sen que se dicte e notifique a resolución do recurso interposto, enténdese que este foi desestimado, quedando expedita a vía procedente.

Artigo 82. Recursos contra resolución dos xuíces árbitros e/ou xuíces de cadeira en materia de infraccións leves.

www.fgtenis.net e-mail:info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

Nestes casos os interesados poderán recorrer no prazo improrrogable de dous días hábiles a partir daquel no que se impuxo a sanción.

O recurso poderase presentar por escrito debidamente motivado perante o órgano competente para coñecer del, que será o Comité de Apelación.

Este, de oficio ou por instancia do interesado, poderá establecer un período probatorio por prazo non superior a quince días hábiles.

O órgano competente dictará resolución, sen máis trámites no prazo máximo de trinta días hábiles desde a interposición do recurso ou desde o remate do prazo probatorio, se o acordase.

Esta resolución esgotará a vía federativa

Artigo 83. Recursos perante o Comité de Apelación da FGT.

Nos casos nos que sexa competente para coñecer en segunda instancia dunha cuestión disciplinaria, o recurso e o seu trámite axustaranse ó previsto nos anteriores artigos e ó procedemento regulado do art.33, coas únicas salvidades previstas nos parágrafos seguintes:

a) Poderá presenta-lo recurso calquera interesado, aínda distinto do infractor que se constituíse en parte no expediente de orixe.

b) Ó se inicia-lo expediente de recurso, o Instructor comunicará o contido do escrito de recurso ó órgano que impuxese a sanción na instancia inmediatamente anterior, e solicitará o seu informe, que este debe emitir no prazo máximo de quince días hábiles. O Instructor tamén efectuará igual comunicación, para efectos informativos, ás demais partes, distintas do recorrente, que comparecesen no expediente de orixe.

c) Tanto o órgano disciplinario "a quo" sen prexuízo do informe que debe emitir, como os demais interesados non recorrentes, poderán comparecer no recurso no prazo de quince días hábiles a partir da notificación á que se refire o artigo anterior, para os efectos de ser parte no expediente de recurso e instar e manifestar nel o que entendan pertinente conforme ás normas procedementais.

www.fgtenis.net e-mail:info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

d) Rematados os prazos de comparecencia e de emisión do informe do órgano "a quo" que serán comúns para este, e se recibise ou non o devandito informe, iniciaranse os demais prazos e actuacións previstos para o procedemento ordinario.

As resolucións da FGT que esgoten a vía federativa poderán ser recorridas no prazo máximo dun mes ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva

www.fgtenis.net e-mail:info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

CAPÍTULO VII. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓN XERÁIS

Artigo 84. Faltas disciplinarias.

Son faltas disciplinarias as infraccións das regras do xogo ou da competición e as infraccións das normas xerais de conducta deportiva tipificadas no presente reglamento.

Artigo 85. Natureza e clasificación das infraccións pola súa gravidade e a súa tipificación.

As infraccións previstas neste Reglamento clasifícanse, pola súa gravidade, en moi graves, graves e leves, e son as que se tipifican nos artigos seguintes, sen prexuízo daquelas outras que poidan estar establecidas con carácter de observancia obrigatoria nas disposicións legais vixentes en cada momento.

Queda ben entendido que ó desenvolvemento do xogo lle serán de aplicación as REGRAS DO XOGO DO TENIS E CASOS E DECISIONS aprobadas pola FEDERACIÓN INTERNACIONAL DE TENIS, e publicadas pola RFET, sendo soamente sancionables como infraccións disciplinarias as conductas tipificadas neste Reglamento e na lei como tales.

Artigo.86 Grao de consumación

Son punibles a infracción consumada e a tentativa.

Hai tentativa cando o culpable da principio á execución do feito que constitúe a infracción e non se produce o resultado por causa ou accidente que non sexa o seu propio e voluntario desestimento. A tentativa castigarase coa sanción inferior á prevista para a falta infracción consumada.

www.fgtenis.net e-mail:info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

SECCIÓN 2ª INFRACCIÓNS

Artigo 87. Infraccións moi graves.

Consideraranse infraccións moi graves as seguintes:

- a) As actuacións dirixidas a predeterminar, mediante prezo, intimidación ou simple acordo ou decisión, o resultado dunha proba ou competición.
- b) Os comportamentos, as actitudes e os xestos agresivos e antideportivos dos xogadores, cando se dirixan ó árbitro, ós outros xogadores, ó público, ou ós membros do servizo de pistas.
- c) Os quebrantamentos de sancións impostas.
- d) A manipulación ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoa interposta, do material ou equipamento deportivo en contra das regras técnicas do tenis cando poidan altera-la seguridade da proba ou competición ou poñan en perigo a integridade das persoas.
- e) A utilización, a incitación ou o favorecemento do uso de substancias ou fármacos prohibidos e a negativa a someterse ós controis deles establecidos regulamentariamente.
- f) A aliñación indebida e a incomparecencia ou retirada inxustificada das probas, dos encontros ou das competicións.
- g) A participación en competicións organizadas por países que promovan a discriminación racial ou sobre os que pesen sancións deportivas impostas por organizacións internacionais ou con deportistas que representen a estes.
- h) As protestas, intimidacións ou coaccións, individuais ou colectivas ou tumultuarias, que impidan a celebración dun encontro, proba ou competición, ou que obriguen á súa suspensión.
- i) As manifestacións públicas, ou realizadas a través de medios de comunicación social, que supoñan insulto ou menosprezo ás autoridades deportivas ou federativas.
- j) A conducta gravemente atentatoria para a dignidade do tenis galego ou dos seus representantes.
- k) Os actos notorios e públicos que atenten contra a dignidade ou decoro

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

deportivos, cando revistan unha especial gravidade. Así mesmo, considerárase falta moi grave a reincidencia en infraccións graves por feitos desta natureza.

l) As declaracións públicas de directivos, técnicos, árbitros e deportistas ou socios que inciten ós seus xogadores, equipos ou espectadores á violencia.

m) Os actos de rebeldía contra os acordos de Federación, agrupacións, asociación ou clubs.

n) A violación de segredos nos asuntos de que se coñeza por razón do cargo desempeñado no club, asociación ou Federación.

o) Os abusos de autoridade e a usurpación de funcións ou de atribucións.

p) A participación en probas ou competicións non autorizadas pola Administración deportiva de Galicia.

q) A inasistencia sen xusta causa dos deportistas ás convocatorias da selección galega ou a negativa da entidade deportiva a facilitar a súa asistencia.

r) sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións graves no período de un ano.

Artigo 88. Infraccións moi graves dos presidentes e directivos.

Ademais das infraccións comúns tipificadas no artigo anterior e das previstas na lexislación vixente que resulte aplicable, son infraccións específicas moi graves do Presidente e directivos da propia FGT e, se é o caso, dos presidentes e directivos das entidades incardinadas nela, as seguintes:

a) A non execución das resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

b) Incumprimento de acordos da Asemblea Xeral e dos regulamentos federativos.

c) A non convocatoria dos órganos colexiados federativos nos prazos e nas condicións legais.

d) A incorrecta utilización dos fondos privados ou das subvencións, créditos, avais e demais axudas de carácter público. A estes efectos a apreciación da incorrecta utilización dos fondos públicos rexeráse polos criterios que para o uso de axudas e

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

subvencións públicas se conteñen na lexislación específica da Xunta de Galicia.

- e) En canto ós fondos privados, aplicarase ó carácter negligente ou doloso das condutas.
- f) A organización de actividades distintas ás competicións oficiais sen a preceptiva autorización da Administración deportiva de Galicia.
- g) A denegación inxustificada da licenza.
- h) incumplimento dos convenios subscritos coa Administración deportiva de Galicia.

A existencia das responsabilidades derivadas das infraccións tipificadas neste artigo, e a competencia para coñecer-las mesmas, rexerase polo que estea legalmente establecido, seguindose, polo que atínxe ó non previsto na lei de normas que se especifican de seguido.

Se as infraccións son cometidas polos directivos da FGT será esta competente en única instancia para coñecer sobre elas.

Respecto ás infraccións cometidas por presidentes ou directivos de entidades incardinadas na FGT, esta só será competente en única instancia, cando se trate das infraccións tipificadas no anterior punto d), salvo no relativo á incorrecta utilización de fondos privados.

Artigo 89. Infraccións graves.

Consideraranse infraccións graves as seguintes:

- a) O incumprimento de ordes e instrucións emanadas de xuíces, árbitros, directivos e demais autoridades deportivas.
- b) Os actos notorios e públicos que atenten contra a dignidade ou decoro deportivos, e en xeral a conduta contraria ás normas deportivas, sempre que todo iso non revista o carácter de falta moi grave.
- c) O exercicio de actividades públicas ou privadas declaradas incompatibles coas actividades ou función deportiva desempeñada.
- d) A manipulación ou alteración, ben sexa persoalmente ou a través de persoa interposta, do material ou equipamento deportivo en contra das regras técnicas do tenis.

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociacións Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

- e) As protestas, intimidacións ou coaccións, individuais ou colectivas ou tumultuarias que alteren o normal desenvolvemento do xogo, proba ou competición.
- f) As protestas, individuais iradas e ostensibles, feitas públicamente contra árbitros, xuíces, técnicos, directivos e demais autoridades deportivas.
- g) O incumprimento das regras de administración e xestión do orzamento e patrimonio.
- h) A reiteración de faltas leves.

Das infraccións ás que se refiren as letras a) e g) anteriores, poderá ser responsable o Presidente da Federación, sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

Artigo 90. Infraccións leves.

Consideraranse infraccións leves as seguintes:

- a) As condutas contrarias ás normas deportivas que non estean incursas na cualificación de moi graves ou graves.
- b) As obsevacións formuladas ós xuíces, árbitros, técnicos e directivos e demais autoridades deportivas no exercicio das súas funcións de xeito que signifiquen unha lixeira incorrección.
- c) A incorrección co público, contrarios, compañeiros, subordinados e persoal de pista.
- d) A adopción dunha actitude pasiva no cumprimento das ordes e instrucións recibidas de xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.
- e) O descoido na conservación e coidado dos locais sociais, instalacións deportivas e outros medios materiais.
- f) As accións ou omisións que supoñan incumprimento das normas ou ordes deportivas por descoido ou negligencia escusables.

Aplicarase W.O (perda do partido por non comparecencia) a aquel xogador que non estea disposto a xogar na pista transcorrido o tempo sinalado na normativa técnica desde a hora fixada para o comezo do partido. Todo iso agás causa de forza maior debidamente

www.fgtenis.net e-mail:info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

xustificada a xuízo do xuíz-árbitro e/ou xuíz de cadeira.

g) Presentarse a xogar un partido con equipo e/ou vestimenta incorrecta. A sanción consistirá na perda do partido, a non ser que a incorrección sexa reparada nun tempo razoable a xuízo do xuíz-árbitro e/ou xuíz de cadeira.

h) xuíz-árbitro e/ou xuíz de cadeira decidirá previamente ó comezo do partido nos casos de dúbida sobre a aceptación das roupas que vistan os xogadores conforme á normativa nacional e internacional ó respecto.

i) xogador que non se incorpore ó xogo tralo descanso, non comparecendo transcorrido o tempo sinalado na normativa técnica desde a hora fixada para a continuación do xogo, será descalificado.

j) xogador que abandone a pista sen permiso do xuíz-árbitro e/ou xuíz de cadeira, será descalificado con perda do partido.

k) atraso deliberado no xogo, incluíndo o comezar a xogar despois do período de quentamento, a requirimento do xuíz-árbitro e/ou xuíz de cadeira; o atraso no cambio de lado, e entre punto e punto.

l) Recibir consellos ou comunicarse con calquera persoa e por calquera medio durante o decurso do partido, a excepción do regulamentado nas competicións por equipos.

SECCIÓN 3ª SANCIÓN

Artigo 91. Sancións por infraccións moi graves.

As infraccións tipificadas neste Título corresponderán as seguintes sancións:

a) Multas en contía non superior a 600 Euros. As multas soamente se lles poderán impoñer ás asociacións deportivas.

b) Perda de puntos ou postos na clasificación, ou descalificación ou perda do partido.

c) Perda ou descenso de categoría ou división

d) Celebración da proba ou competición deportiva a porta pechada.

e) Prohibición de acceso ás pistas ou lugares de desenvolvemento das probas

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

ou competicións, por tempo non superior a cinco anos.

f) Perda definitiva dos dereitos que como socio da respectiva asociación deportiva correspondan ó infractor, coas excepcións que poidan estar previstas na lei nesta materia.

g) Clausura dun recinto deportivo por un período que abarque de catro partidos ou encontros a unha tempada.

h) Inhabilitación para ocupar cargos na organización deportiva, ou suspensión ou privación de licencia federativa, con carácter temporal, por un prazo de dous a cinco anos, en adecuada proporción á infracción cometida.

i) Inhabilitación a perpetuidade para ocupar cargos na organización deportiva, ou privación de licencia federativa a perpetuidade. Estas sancións unicamente poderán acordarse de modo excepcional, pola reincidencia en infraccións de extraordinaria gravidade.

Artigo 92. Sancións por infraccións moi graves dos directivos.

Son as seguintes:

- a) Amoestación pública
- b) Inhabilitación temporal por un período de dous a catro anos.
- c) Destitución do cargo.

Artigo 93. Sancións por infraccións graves.

Son as seguintes:

- a) Amoestación pública
- b) Multa en contía non superior a 300 Euros. A sanción de multa soamente se lles poderá impoñer ás asociacións deportivas.
- c) Perda de puntos ou postos na clasificación, ou descalificación ou perda do partido.
- d) Clausura do recinto deportivo, de ata catro partidos ou encontros, ou tres meses.
- e) Privación dos dereitos de asociado, ata un máximo dun ano, coa salvidade

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

das accións ou omisións que supoñan incumprimento das normas ou ordes deportivas por descoido ou negligencia escusables.

f) Inhabilitación para ocupar cargos, suspensión ou privación de licencia federativa, dun mes a dous anos.

Artigo 94 Sancións por infraccións leves.

As infraccións previstas nas letras g), h), i) e j) do artigo 55, serán sancionadas conforme ó previsto neles.

As restantes infraccións tipificadas no artigo 55 e cometidas por un xogador no decurso dun partido sancionaranse conforme á seguinte escala:

- a) Primeira infracción: Amoestación
- b) Segunda infracción: Perda do punto seguinte.
- c) Terceira infracción: Descalificación: Perda do partido.

3. Os demais casos de infraccións leves sancionaranse con:

- a) Apercibimento.
- b) Multa non superior a 150 Euros.
- c) Inhabilitación para ocupar cargos ou suspensión de ata un mes, ou dun a tres encontros ou probas.

Artigo 95 Sancións técnicas acumulables.

Nos casos de infraccións moi graves ou graves cometidas por un xogador no decurso dun partido, ademais da sanción que corresponda por tal tipo de infracción, o xuíz árbitro e/ou xuíz de cadeira poderá aplicar, en forma inmediata, a escala de sancións técnicas previstas no punto 2 do artigo precedente, no grao que coide conveniente conforme á gravidade da infracción. O trámite posterior destas sancións en materia de recursos será o que lles corresponda segundo a súa natureza.

Artigo 96. Regras común para a determinación e imposición de sancións.

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

Os órganos disciplinarios poderán impoñela sanción que consideren xusta de entre as previstas para o tipo de infracción que se cometese, graduándoa en función da natureza dos feitos, a personalidade do responsable, as consecuencias da infracción e a concorrencia de circunstancias atenuantes ou agravantes, conforme co tamén establecido no artigo 9.

A concorrencia de dúas ou mais circunstancias agravantes e ningunha atenuante determinará a aplicación da sanción no seu grao máximo, igualmente, a concorrencia de dúas atenuantes, ou dunha moi calificada, e ningunha agravante, determinará a aplicación da sanción no seu grao mínimo.

Artigo 97. Multas.

A sanción de multa poderase impoñer de forma simultánea a calquera outra que os órganos disciplinarios consideren congruente ó tipo de infracción cometido. A súa contía, dentro dos límites máximos establecidos para cada caso, determinará o órgano sancionador conforme as circunstancias concorrentes.

As multas aboaranse, salvo que por disposición legal se establecera o contrario, no prazo máximo de dez días hábiles, a partir da imposición da sanción e deberanse facer efectivas á FGT, que destinará o seu importe ós seus fins deportivos.

O pagamento das multas deberase acreditar mediante o correspondente recibo, e o non pagamento delas terá a consideración de quebrantamento de sanción.

Artigo 98. Alteración de resultados.

Con independencia das sancións disciplinarias que puidesen corresponder, os órganos disciplinarios terán a facultade de altera-lo resultado de encontros, probas ou competicións por causa de predeterminación mediante prezo, intimidación ou simples acordos, do resultado da proba ou competición; e, en xeral, en tódolos supostos nos que a infracción supoña unha grave alteración da orde do encontro, proba ou competición

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

TÍTULO VII - PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN DA ASEMBLEA XERAL, DA PRESIDENCIA, DA COMISIÓN DELEGADA E DA XUNTA ELECTORAL.

Artigo 99. Regulamento electoral.

Os procesos electorais para a designación dos membros da Asemblea Xeral da FGT así como do seu Presidente ou Presidenta, e dos membros da Comisión Delegada polo correspondente regulamento electoral aprobado pola Asemblea Xeral.

Artigo 100. A Xunta electoral

O mesmo día da convocatoria de eleccións, constituirase a Xunta Electoral do que se levantará a correspondente acta, e o seu domicilio será, a todos os efectos o mesmo que o da Federación Galega de Tenis.

A xunta electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na asemblea xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da xunta electoral. As candidaturas deberanse presentar na mesma asemblea na que se celebre a súa elección, podendo estar os candidatos presentes na mesma, e debendo acreditar estes o cumprimento dos requisitos sinalados ao efecto.

Os membros da xunta deberán reunir os requisitos seguintes:

- Ser maior de 18 anos. Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.
- Non presentarse como candidato a membro da asemblea xeral.
- Non ter relación contractual ou profesional coa Federación Galega de Tenis.
- Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que conleve sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.

No caso de non presentación de candidatos a membros da xunta electoral, o presidente da federación proporalle á asemblea os membros necesarios para completar a mesma, os cales deberán así mesmo reunir os requisitos definidos no apartado anterior.

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

Actuará como presidente e secretario da xunta electoral o membro de maior e menor idade, respectivamente. As decisións da xunta electoral tomaranse por maioría de votos. A asistencia á xunta electoral é obrigatoria salvo causa xustificada.

A Xunta Electoral reunirase tantas veces sexa preciso e será convocada polo Secretario de orde do Presidente ou a petición de calquera dos seus membros. Para que a Xunta se poida constituir válidamente e tomar acordos, será preciso que concorra cando menos un dos seus membros de pleno dereito. Non obstante, entenderase válidamente constituída, a todos os efectos e sen necesidade de convocatoria previa, cando estean presentes a totalidade dos seus membros e acepten por unanimidade celebrar a sesión.

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

Artigo 101. Causas de extinción e disolución. Disposición única.

A FGT disolverase por decisión da Asemblea Xeral, adoptada polas tres cuartas partes das persoas asistentes, que deberán representar, como mínimo, os dous terzos dos seus totais compoñentes, e requirirá a súa ratificación pola Administración deportiva de Galicia.

Tamén procederá a extinción da Federación nos demais casos previstos polas Leis.

En caso de disolución da FGT, o seu patrimonio neto, se o houbese, utilizarase para a realización de actividades análogas, cuestión que determinará a Administración deportiva de Galicia.

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS
FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO
OFICINA 1 - 36209 VIGO
TELÉFONO: 986 21 29 82
G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

TÍTULO VIII.- PROCEDEMENTO PARA A APROBACIÓN E REFORMA DE ESTATUTOS E REGULAMENTOS.

Artigo 102. Disposición única.

A reforma dos Estatutos da FGT é competencia da Asemblea Xeral. Poderán propor á Presidencia da Asemblea que representen polo menos a terceira parte dos seus totais compoñentes. En calquera caso, a proposta deberá ir acompañada do novo texto que se pretenda, que se engadirá á orde do día e será notificada aos membros da Asemblea na mesma forma que esta.

A reforma dos estatutos deberá ser aprobada polas dúas terceiras partes das/os asistentes á Asemblea Xeral de que se trate, que representen polo menos a maioría dos seus totais compoñentes.

A aprobación e modificación dos regulamentos de desenvolvemento dos estatutos da FGT é competencia da Comisión Delegada da Asemblea e, para prosperar, necesitará o voto favorable, en calquera caso, dos dous terzos dos seus compoñentes.

Os Estatutos da FGT e as súas modificacións serán publicados no Diario Oficial de Galicia, previa aprobación destes pola Administración autonómica no prazo máximo de tres meses dende a súa presentación no rexistro.

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

TÍTULO IX.- FÓRMULAS DE CONCILIACIÓN EXTRAJUDICIAL.

Artigo 103. Disposición única.

As fórmulas de conciliación extrajudicial para resolver as cuestións que se presenten no seo da FGT axustaranse ao previsto na Lei 3/2012 do 2 de Abril, do deporte de Galicia, e demais disposicións legais que resulten aplicables, sen prexuízo de que a FGT, por vía regulamentaria, poida establecer normas específicas, supletorias ou complementarias, das contidas nas ditas disposicións.

www.fgtenis.net e-mail:info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO, 17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

A responsabilidade disciplinaria na que poida incorrer a propia FGT. rexerase polo disposto na Lei 3/2012 do 2 de Abril, do deporte de Galicia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS.

1. O mandato do actual Presidente, Asemblea Xeral e Comisión Delegada da Asemblea durará ata que se celebren novas eleccións no Ano Olímpico de 2014, conforme aos prazos previstos nestes estatutos.

2. Seguirán en vigor os convenios actualmente existentes entre a FGT e a RFET en materia de licenzas.

3. Os Clubs actualmente integrados na FGT seguirano estando, nos termos previstos no artigo 7.2 dos presentes Estatutos.

DISPOSICIÓN FINAIS.

1. Estes Estatutos entrarán en vigor o día seguinte a aquel da notificación da súa aprobación pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia sen prexuízo da súa publicación no DOG.

2. Os presentes Estatutos serán sometidos previamente á Asemblea Xeral da FGT, da que a actual Xunta Directiva queda facultada, en virtude desta disposición, para

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente



FEDERACIÓN GALLEGA DE TENIS

FOTÓGRAFO LUIS KSADO,17 BAJO

OFICINA 1 - 36209 VIGO

TELÉFONO: 986 21 29 82

G15102767



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

establecer neles as modificacións e concordancias que indique a Administración deportiva de Galicia e que sexan necesarias para a súa aprobación pola devandita administración.

www.fgtenis.net e-mail:info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF- G15102767

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario

José Antonio Pereiro Rodríguez
Presidente